

O LIBRO *45 RECETAS CON ORTIGAS* RECIBE EN PEQUÍN A “MENCIÓN DE HONRA” NA GALA FINAL DOS GOURMAND



O autor, co xefe de Cociña do hotel Dragon Spring de Pequín

- O recetario gastronómico do chef ourensán Martín Álvarez causou unha grande expectación durante a gala dos premios Gourmand celebrada en Pequín.
- Participaron centos de libros de 37 países do mundo e foron premiados medio centenar de publicacións.



A obra *45 recetas con ortigas*, do chef ourensán Martín Álvarez e publicada por Alvarellos Editora, recibiu o pasado sábado, en Pequín, un novo recoñecemento, esta vez a nivel mundial. Trátase da “Mención de Honra” do xurado internacional que concedeu os premios Gourmand 2006 aos mellores libros gastronómicos do mundo, neste caso, na categoría de “Best single subject book”, é dicir: “Mellor monográfico”. A “Mención de Honra” equivale a unha “medalla de prata” ou accésit ao premio ao mellor monográfico do mundo (que nesta ocasión recaeu no libro *Culinaria caprina*, do Brasil). En total participaron 37 países e centos de obras gastronómicas.

Martín Álvarez mostra a “Mención de Honra” do xurado dos Gourmand

alvarelos

EDITORA

O xurado, presidido polo fundador destes “Óscar” da edición gastronómica, Edouard Cointreau, recoñeceu nesta obra a súa gran orixinalidade e o coidado da súa edición.

O autor, Martín Álvarez, recolleu en persoa o galardón, dentro da gala celebrada na noite do sábado no hotel Dragon Spring da capital chinesa.

Dous días antes, o xoves día 5, levou a cabo unha demostración culinaria para máis de corenta xornalistas gastronómicos de todo o mundo, e especialistas internacionais. “A degustación causou sensación –afirma Martín Álvarez–, pois ninguén oíra falar de que as estrugas se podían cociñar con esta variedade e resultados. Recibín os parabéns de representantes do sector de todas as partes do mundo”.

O libro *45 recetas con ortigas* saíu publicado no pasado outono e para o próximo mes prepárase unha segunda edición.



Exhibición gastronómica de Martín Álvarez ante trinta corresponsais de prensa de todo o mundo

Para contactar co autor Martín Álvarez: 661 926 549 (martinalvarez@edu.xunta.es)
Para contactar coa organización dos premios Gourmand: 91 541 67 68 (Óscar Yáñez)
Para contactar co editor Henrique Alvarelos: 609 90 88 52 (correo@alvarelos.info)

[Máis información en www.alvarelos.info]



Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 Santiago de Compostela (GALICIA)
correo@alvarelos.info
www.alvarelos.info
Tel: 609 90 88 52 Fax: 981 522 137